

Co obxectivo de apoiar os autores dramáticos e estimular a creación de novos textos dramáticos que lle outorguen visibilidade ao colectivo LGTBIQ+ (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, intersexuais e queer), a Fundación SGAE e a Asociación Cultural Visible convocan o

Certame Internacional **sgae** **Leopoldo Alas Mínguez** para textos teatrais LGTBIQ+

17^{edición}  2023

BASES

- 01 Poderán concorrer a este premio todos os socios da SGAE de calquera nacionalidade que o desexen, excepto os membros da Xunta Directiva da SGAE e do Padroado da Fundación SGAE e os premiados nas tres edicións precedentes, con cantos textos teatrais consideren, escritos en calquera dos idiomas oficiais do Estado español ou en portugués. O argumento dos textos, ou o perfil dalgún dos seus personaxes protagonistas, deberá ser de carácter gai, lésbico, transexual, bisexual, intersexual ou queer (LGTBIQ+). Admitiranse obras en coautoría.
- 02 As obras presentadas deberán ser cen por cen orixinais e non ter sido publicadas nin representadas total ou parcialmente en teatro ningún, xa sexa de cámara, ensaio, oficial ou comercial, ata a celebración da decisión. Tampouco deben estar dispoñibles en ningunha forma a través de medios electrónicos ata a proclamación do fallo. Non se admitirá ningún tipo de tradución, adaptación ou refundición, xa sexa de novela, cine, televisión, radio ou teatro, incluídas obras cuxa autoría lle(s) corresponda ao(s) propio autor(es) que se presentan ao premio. Así mesmo, as obras non poderán ter sido premiadas en ningún outro concurso, nin con anterioridade á súa participación no CERTAME INTERNACIONAL SGAE LEOPOLDO ALAS MÍNGUEZ PARA TEXTOS TEATRAIS LGTBIQ+ 2023 nin durante o proceso de selección e ata o momento do fallo.
- 03 Para participar, deberase completar o formulario *online* habilitado a tal efecto na web www.fundacionsgae.org. Deberá usarse o formato electrónico do formulario, sendo necesario encher todos os campos e achegar a documentación requirida no prazo indicado no punto 4 das presentes bases.

Documentación necesaria para achegar ao formulario:

A. Datos persoais

Os datos persoais e de contacto do(s) autor(es) da obra, tales como nome, apelidos, número de socio, enderezo actual (residencia habitual e residencia fiscal), correo electrónico, número de teléfono, breve currículo, fotocopia do DNI ou pasaporte, foto do(s) autor(es).

B. Documentación imprescindible

- O texto da obra en PDF sen que conteña o nome da(s) autora(s) nin no texto nin na sinatura do ficheiro. É necesario e imprescindible que o texto inclúa un lema para facilitar o anonimato dos textos de cara ao seu exame por parte do xurado. Ademais, deberase incluír ao inicio do texto a descrición de todos os personaxes da obra, así como unha breve sinopse desta. No caso de que a obra presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do Estado español distinta do castelán, ou en portugués, o(s) autor(es) poderá(n) incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada por aqueles membros do xurado que non falen a lingua orixinal da obra. Se o(s) autor(es) non inclúe(n) a tradución ao castelán, a Fundación SGAE quedará autorizada para realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do xurado. As traducións serán destruídas á finalización da resolución do premio.
- Cando unha obra incorpore **creacións preexistentes de terceiros** (letras de cancións; fragmentos doutras obras alleas, calquera que sexa o tipo de obra; obra plástica/gráfica, etc.), o(s) autor(es) da obra deberá(n) achegar as correspondentes autorizacións dos titulares dos dereitos desas obras. Se se fragmentan ou empregan creacións en dominio público, deberán tamén documentar este feito.
- **Autorización expresa** do(s) autor(es) asinada polo(s) autor(es) con sinatura(s) manuscrita(s) (achegar escaneado o documento asinado) a favor da Fundación SGAE para o uso dos seus datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do premio, consonte o modelo que se poderá descargar no formulario de inscrición.
- **Declaración xurada** do(s) autor(es) manifestando que a obra é orixinal e inédita e non vulnera a propiedade intelectual de terceiras persoas, consonte o modelo que se poderá descargar no formulario de inscrición (achegar escaneado o documento asinado).

A falta de presentación tanto da declaración xurada de orixinalidade da obra coma da autorización de uso de datos persoais suporá a desestimación da solicitude de inscrición.

04 As obras deberán inscribirse a través do formulario habilitado a tal efecto na web **www.fundacionsgae.org**, dende o **16 de febreiro ata o 16 de abril do 2023**.

A Fundación SGAE revisará todas as solicitudes presentadas e notificará calquera incidencia relativa á documentación achegada. Os participantes terán un prazo de sete días dende a notificación para emendala. Pasado ese prazo, descartarase a devandita solicitude se non foi emendada debidamente.

05 A Fundación SGAE e a Asociación Cultural VISIBLE nomearán un xurado composto por **profesionais do mundo das artes escénicas de recoñecido prestixio** e presidido polo presidente da Asociación Cultural VISIBLE, con un representante da Fundación SGAE en calidade de secretario.

06 A decisión do xurado será inapelable. A concesión do **CERTAME INTERNACIONAL LAM 2023** farase pública con anterioridade ao **31 de decembro de 2023** e será publicada na web da Fundación SGAE. O premio non poderá ser compartido nin declarado deserto, aínda que o xurado se reserva o dereito a facer algunha mención de honra a algún outro texto se o considera oportuno.

07 O premio para a obra galardoada será unha dotación económica de CATRO MIL EUROS (4.000 €), impostos incluídos, e a dramatización do texto gañador dentro do Ciclo SGAE de Lecturas Dramatizadas. A dotación do premio, no caso de tratarse dunha obra en coautoría, será aboada pola Fundación SGAE entre os autores a partes iguais. O premio estará sometido a tributación de acordo coa lexislación vixente.

- 08** O texto gañador será editado pola Fundación SGAE na data que esta determine, e nos termos e condicións que se establezan por escrito. A obra publicaráse na lingua na que fose presentada na convocatoria ou, por petición do(s) autor(es), traducida ao castelán. Para isto debe(n) ser o(s) propio(s) autor(es) quen lle facilite(n) á Fundación SGAE a tradución oportuna. O(s) autor(es) da obra galardoada comprométe(n)se a asinar o correspondente contrato de edición nos termos que estableza a Fundación SGAE.
- 09** O(s) autor(es) da obra gañadora comprométe(n)se a incorporar a mención «**CERTAME INTERNACIONAL LAM 2023**» en todos os actos e documentos vinculados á representación, fixación e publicidade da obra.
- 10** Os documentos (PDF) das obras non seleccionadas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado, así como as traducións que se realizasen. Non se devolverán os devanditos PDF, nin as traducións, nin se manterá ningunha correspondencia sobre os mesmos.
- 11** Logo de que se conceda o premio, a Fundación SGAE poderá poñerse en contacto, por petición do xurado, cos autores das obras que solicite o xurado, para que estes decidan se desexan proporcionarlles os seus datos ao xurado ou non.
- 12** O(s) autor(es) gañador(es) será(n) invitado(s) a formar parte do xurado na seguinte edición do premio, sempre que a súa situación persoal e xeográfica o permita.
- 13** Protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal que os participantes lle faciliten á Fundación SGAE, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE, sendo en todo caso de aplicación a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e a normativa vixente concordante.
- 14** Normas xerais:
- a)** Os participantes, polo feito de concorrer a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do xurado e autorizan á Fundación SGAE para difundir información sobre o premio que inclúa datos profesionais e/ou fotografías do(s) gañador(es).
 - b)** Os participantes eximen o Grupo SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incorrer algún dos participantes.
 - c)** A Fundación SGAE non adquire, en virtude deste premio, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e desenvolvemento do premio distinta das detalladas no presente documento.
 - d)** No caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes coma a organización deberanse someter á xurisdición dos tribunais de Madrid capital, renunciando a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

INSCRIBE A TÚA SOLICITUDE NA WEB:

www.fundacionsgae.org

Os interesados poderán efectuar todo tipo de consultas
ou ampliar a súa información sobre estas bases en:

arteseskenicas@fundacionsgae.org

Tel. (+34) 91 503 68 25/23

www.fundacionsgae.org

www.sgae.es

Delegacións xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro
(consultar enderezos en **www.sgae.es**)

ASOCIACIÓN CULTURAL VISIBLE

visible@festivalgayvisible.com

www.festivalgayvisible.com



**CERTAME INTERNACIONAL SGAE LEOPOLDO ALAS MÍNGUEZ
PARA TEXTOS TEATRAIS LGTBIQ+ 2023**
**AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL A FAVOR DA
FUNDACIÓN SGAE PARA A XESTIÓN DA PARTICIPACIÓN DO(S) AUTOR(ES) DA OBRA
QUE SE PRESENTA AO CERTAME**

Sr(a) nacido(a) o.....
con DNI/NIE nº domicilio en..... código postal.....
localidade..... correo electrónico.....
teléfono..... e número de socio(a) SGAE.....

actuando no seu propio nome e dereito.

Sr(a) nacido(a) o.....
con DNI/NIE nº domicilio en..... código postal.....
localidade..... correo electrónico.....
teléfono..... e número de socio(a) SGAE.....

actuando no seu propio nome e dereito.

Sr(a) nacido(a) o.....
con DNI/NIE nº domicilio en..... código postal.....
localidade..... correo electrónico.....
teléfono..... e número de socio(a) SGAE.....

actuando no seu propio nome e dereito.

MANIFESTA(N):

1. Que voluntariamente presenta(n) a(s) súa(s) solicitude(s) para participar no **CERTAME INTERNACIONAL LAM 2023**.
2. Que leu/leron e coñece(n) as bases da devandita convocatoria e asume(n) o seu contido. Para estes efectos, acompañan o seu currículo.
3. Que coñece(n) que para a xestión da súa participación nesta convocatoria do **CERTAME INTERNACIONAL LAM 2023** se requirirá o tratamento dos seus datos de carácter persoal pola Fundación SGAE para realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación e a selección dos proxectos polo xurado.

Por todo o exposto, **CONSENTE(N) EXPRESAMENTE:**

En que a FUNDACIÓN SGAE trate os seus datos de carácter persoal que constan neste escrito e no(s) currículo(s) que acompaña(n) a solicitude de participación na convocatoria do **CERTAME INTERNACIONAL LAM 2023** para realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación e a selección dos proxectos polo xurado.

Que, de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais, e nas disposicións complementarias, coñece(n) que pode(n) exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, e o dereito a non ser obxecto de decisións individuais de forma automatizada perante a **FUNDACIÓN SGAE** dirixindo un escrito aos Servizos Xurídicos da Fundación SGAE ao domicilio social da entidade na rúa Bárbara de Braganza, nº 7, 28004 Madrid (España), indicando o(s) seu(s) nome(s), apelidos, DNI, domicilio, dereito exercido e as súas razóns.

E para que así conste, asina(n) a presente autorización e consentimento

en....., a.....de.....de 2023.

Asinado:

Sr(a)

Sr(a)

Sr(a)

DECLARACIÓN XURADA DE OBRA INÉDITA

Sr(a). _____,
con DNI/NIE nº _____, e domicilio en _____,
CP _____, localidade _____.

Sr(a). _____,
con DNI/NIE nº _____, e domicilio en _____,
CP _____, localidade _____.

Sr(a). _____,
con DNI/NIE nº _____, e domicilio en _____,
CP _____, localidade _____.

DECLARO(AMOS):

- 1. Que a obra que presento(amos) ao **CERTAME INTERNACIONAL LAM 2023** e que leva por título «_____» é cen por cen orixinal e non foi publicada nin representada total ou parcialmente en ningún teatro, xa sexa de cámara, ensaio, oficial ou comercial.
- 2. Que a obra que presento(amos) non está dispoñible en ningunha forma a través de medios electrónicos.
- 3. Que a obra que presento(amos) non é unha tradución, adaptación ou refundición nin de novela, nin de cine, televisión, radio ou teatro, incluídas obras da miña/nosa autoría.
- 4. Que a obra que presento(amos) non foi premiada en ningún outro concurso.

E para que así conste, asino(amos) a presente declaración xurada
en _____, o día _____ de _____ de 2023.

Asinado:

Sr(a). _____ Sr(a). _____ Sr(a). _____

